

Follas do cineclub | 20/09/2017

Nadal, EUA

(Christmas, U.S.A., Gregory Markopoulos, EUA, 1949, 13', VO)

Dúas veces home

(Twice a Man, Gregory Markopoulos, EUA, 1964, 45', VO)

En colaboración co Colectivo Agrocuir da Ulloa

03

Tirado de *Film as Film: The Collected Writings of Gregory J. Markopoulos* (The Visible Press, 2014)

I

Hai aquí unha catarata, e outra por riba, e enriba desa moitas outras fervenzas. Estas alentan. A distancia alenta o ascenso cara o Futuro. Nada, por suposto, aseméllase na distancia. Os mesmos piñeiros inmóbiles. A distancia.

Onde as nubes semellan separarse, xúntanse de novo, logo se separan unha e outra vez, rebelando cumes, e detrás deses cumes outros cumes. Confianza. Esperanza. Cada unha delas de cando en vez como un faro vermello na noite.

Hai unha liberdade no cinema que só lle é outorgada a uns poucos Individuos escollidos. Non é por elección propia senón por Colisións Celestiais. É como os sons descoñecidos; sons que son buscados. Sons lonxe dos horrores de París. Sons lonxe das Familias do Mundo da Arte que usan indebidamente aos seus súbditos e artistas. Sons lonxe de aqueles que venden indulxencias artísticas. Sons lonxe dos museos convertidos en estudos. Sons lonxe dos filmes realizados de xeito fraudulento. Sons lonxe dos maos cartos. Sons lonxe dos personaxes Balzaquianos que manteñen unido o mundo a través de traducións falsas e propaganda. Sons e máis sons co fin de acadar unha doutrina que está un paso alén do *Temenos* definitivo: un dogma do *Temenos* é que a Voz é o Espectador Como Receptor.

Robert Beavers, «o Cinema é algo especial - non ten nada que ver coa Arte ou a Literatura». É certo. A verdade é dicir que o cinema É cinema. Nin máis nin menos. As mentiras estruturalistas desaparecerán como tanto fume; xa que son as faíscas dun lume o que conta. Son as faíscas as que conforman o lume abrasador. Cada faísca é a indecisión que conduce á decisión definitiva. Isto pode non ser ensinado. Isto pode non ser aprendido. Isto pode non ser imitado. É o respiro inmaterial da Creación Visible.

Medir pedazos de película en negro a conta do crecemento dun filme é manterse firme na única liberdade do cinema. Este é o amor necesario do traballo de un.

Sei e sinto o que un fotograma fará ou non fará. A súa lonxitude é indescifrábel. A súa duración é indescifrábel. Os elementos do cinema nunca lle poden ser discernibles ao crítico ou ao espectador cinematográfico, por definición. O crítico, o espectador xa non pode saber dos elementos do filme máis do que saben de todas as orientación dos ventos cambiantes.

Robert Beavers, «Algo só e creativo se crece...». Para os poucos que posúen a liberdade que é o cinema, non hai necesidade de experimentar. Experimentar é non crecer; é titubear; é divagar nas incertezas do Moderno. Con todo o filme crece; como un ser humano crece. Crece sen ser visto. O máis probable é que creza en momentos inesperados. E se é un auténtico filme crece a través de Instancias Impensábeis. Sen este tipo de crecemento non hai significado; o sol non pode e nunca arroxará a súa luz sobre a relucinte fervenza Para Sempre.

Con todo o filme continúa a ser o que non é; e do cineasta que posúe a liberdade brigada do seu cinema agárdase que sexa agradecido; que amose sinais de gratitude. O filme continúa como ruína. Igual que nas Artes, o Filme trátase como un orfo singular que debe ser dado en adopción. Igual que nas Artes, o Filme trátase como un experimento social, e os copistas escribirán sobre el noite e día. Igual que nas Artes, o Filme trátase como unha personalidade excepcional mais retardada que debe actuar. A vergoña das representacións, a vergoña dos festivais, a vergoña das publicacións coordinadas polos funestos aspectos da educación de masas, está patente por todas partes; patente por todas partes cos habituais anacos de catálogos e publicidade económicas; patente por todas partes cos seus malos importes e politizacións desalentadoras. Engade a iso a nova chamada polo mecenado privado baixo a precisa tutela deses mesmos alicerces e un ten a completa impresión da Dexeneración das Sensibilidades do Home. Seferis, «As estatuas non so as ruínas - nós somos as ruínas».

II

O tempo é pasado cando calquera e todos poderían coller o que quixesen dunha Arte particular, dun Filme particular. Esas décadas apagáronse, e seguen a pobreza de expresión e de creación, coa audiencia suspensa na súa existencia amortecida como se agardase que os maravillosos anxos ortodoxos de Bizancio aparecesen ante a grande Intención e a Orde Completa do *Temenos*

Coa chegada do século XXI e a construción dos cimentos rectangulares do *Temenos* suxeridos antes da gloriosa bendición da Madona de Orsanmichele, convertida á Vista da voz inspiradora, «Un cadrado...», haberá un respecto polas Intencións do cineasta; polos filmes de Beavers e Markopoulos: o *Temenos* co seu catálogo de filmes.

Por cada Arte, por cada Filme, por cada traballo hai só unha intención que esvaece no momento en que se

CARA UNHA ORDE COMPLETA

GREGORY MARKOPOULOS

completa o traballo. Ascende e dispersa a súa bendición sobre a audiencia Futura; sobre o espectador Futuro; sobre o Nobre Historiador Futuro.

Cada Intención é coma un rosado de Valor. Non é unha aglomeración confusa de ideas. Por causa deste sinxela Intención, a Arte é A Arte, o Filme é O Filme, o traballo é O Traballo. Os experimentos, os ensaios sobre actitudes populares, confusas, perversas, sentimentos e pensamentos, todos sen substancia, son desbotados polo que son.

Debe entenderse que o ofrecido ante esta sinxela Intención non debe ser confundido, non debe ser contaminado pola presenza do espectador; neste caso, o espectador do filme, o Espectador do Filme do *Temenos*. Onde a fonte é incuestionable, o traballo é O Traballo. O Traballo sobre todas as cousas non precisa mais xustificación agás a súa existencia; porque son os valores inherentes, brillantes, os que fixeron posible a súa existencia. Así, o espectador do filme está presente non para medir a súa intelixencia ou comprensión xeral, senón para coñecer o traballo: A Consciencia do Filme.

A Consciencia do Filme: experimentar o Consciencia do Filme é recoñecer como Luz, Son e Imaxe os atributos morais dun traballo particular de Beavers ou de Markopoulos. O pretexto filosófico de que isto é asumíbel nos traballos comerciais é un dos peores factores da educación filmica, do entretemento filmico. O filme comercial envellece porque foi posto ao servizo dun propósito perverso e inconsciente. Este propósito, esta aparencia é a noción central daqueles que aman o filme, que adornan o filme e que fracasaron ao non comprender que o filme só ten existido como Filme nuns poucos casos. Son os destrutores desa parte do filme que xa non existe, o Entusiasmo: nin para o espectador do filme nin para o cineasta.

III

A fundación do *Temenos* proseguíu como a caída da neve preto das cumes máis altas dos Dents du Midi. Folerpas e Luz variábel teñen rebelado a Verdade de Todas as Aparencias. Día tras día a Intención volveuse máis clara. Despois do almorzo, de dar de comer aos paxaros, de pasar o día, e decote viaxes extraordinarias a outros países co fin de elevar o propósito do *Temenos*, o pano de fondo da enerxía fluíu de xeito incesante a elevado Custo; e, non a miúdo sen os seus perigos.

Pero foi aquí, ante os Dents du Midi, que a sorprendente Decisión foi tomada. Foi tomada nunha hora, hai unhas semanas, despois do almorzo, despois de dar de

comer aos paxaros, ante a visión da marabillosa fervenza. Pasouse á acción. Desbotáronse os compromisos e deixáronse ao misterio dos seus acredores. E, as copias que agora existen volvéronse só copias de traballo, unha brincadeira axeitada para os especuladores do meu traballo, coñecido e descoñecido.

Cando o espectador cinematográfico futuro do *Temenos* se pregunte como se chegou ao fermoso cadraado, ben pode contemplar nos arquivos do *Temenos* a mesma fonte do Éxito. Un feito no que seguro que caerá na conta, é que é no color no que a palabra Amor orixinouse. Sendo Grecia a Provincia xustifica. Entenderá, O Elixido Futuro, que a Orde Completa era necesaria e inevitable; que coa disgregación da consciencia xeral pública a Dirección Foi Determinada. Como o poder e a vista das nubes formándose contra as Cimas de Granito en Potente Lealdade, así será a Arquitectura Futura do *Temenos*: espazos vendo e pousando máis liviáns que o voo dos paxaros.

Onde os corazóns atopan o Filme Concedido!

Onde as mentes atopan o Filme Concedido!

Nos Anos Distantes O Elixido Futuro do *Temenos* repetirá, «É como ser un arco da vella!». Porque é para el que merece o que foi construído. Será a súa man, a que elevou e protexeu os milleiros de metros dos filmes orixinais. Certamente, será a súa voz.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

SET
2017

Mércores 6

A voda do meu irmán
(My Brother's Wedding, Charles Burnett, EUA, 1983, 77', VOSG)

En colaboración con Jane's Walk Santiago de Compostela e A.V.V. As Marias

Mércores 13

Algje o mineiro
(Algje the Miner, Alice Guy / Harry Schenck / Edward Warren, EUA, 1912, 10', VOSG)

A diferenza dos demais
(Anders als die Andern, Richard Oswald, Alemaña, 1919, 51', VOSG)

En colaboración co Colectivo Agrocuir da Ulloa. Con presenza de membros do colectivo

Mércores 20 Nadal, EUA

(Christmas, U.S.A., Gregory Markopoulos, EUA, 1949, 13', VO)

Dúas veces home
(Twice a Man, Gregory Markopoulos, EUA, 1964, 45', VO)

En colaboración co Colectivo Agrocuir da Ulloa

Mércores 27 de setembro ás 21:30 no Pichel

Arde París
(Paris Is Burning, Jennie Livingston, EUA, 1990, 87', VOSG)

En colaboración co Colectivo Agrocuir da Ulloa